


1 Obxectivos e escenarios da PARTE II.

Neste **Apartado II** tratarase de aprofundar no manexo de VirtualBox sobre todo no tocante a virtualizar servizos en rede. Por tanto estudarase:


- Parámetros de configuración das tarxetas de rede das máquinas virtuais.
- Instalar 2 máquinas virtuais de servidor: Windows e Debian.
- Os ficheiros de configuración de VirtualBox.
- O manexo de VirtualBox sen necesidade de interface gráfica, tanto no *host* coma nos *guests*.
- A configuración dunha máquina física como servidor de virtualización con VirtualBox.

- As seguintes imaxes amosan os distintos escenarios que se van manexar na PARTE II




Este escenario amosa que as máquinas virtuais teñen as tarxetas de rede configuradas por defecto: NAT

Escenario 2.A.2: Configuración da rede: Rede NAT




Este escenario amosa que as máquinas virtuais teñen as tarxetas de rede configuradas en modo de rede NAT, recentemente incluído en VirtualBox. Desta forma poden comunicarse entre si e acceder ao exterior.

Escenario 2.B: Configuración da rede: Bridge (Ponte / Switch)




Neste escenario os equipos virtuais compórtanse como se fosen equipos reais e poden comunicarse con calquera elemento da LAN e calquera elemento da LAN con eles.

Escenario 2.C: Configuración da rede: Internal Network (Rede Interna)




Neste caso os equipos virtuais só se poden comunicar entre si.

Escenario 2.D: Configuración da rede: Host only (Só anfitrión)




Neste escenario os equipos virtuais pódense comunicar entre si e co equipo host.

Escenario 2.E: Configuración da rede: Combinado (Internal Network + NAT)




Cada equipo virtual ten dúas tarxetas de rede, unha delas para comunicarse co outro equipo virtual e a outra para poder acceder ao exterior.

Escenario 2.F: Router con Debian



Virtualización dun servidor que fai de *router* e *firewall* nunha rede.

Escenario 2.G: Servidor de virtualización con Debian



Configuración dun equipo físico como servidor de virtualización, co obxectivo de executar máquinas virtuais.

-- Antonio de Andrés Lema e Carlos Carrión Álvarez --